

Xestión avanzada de Ubuntu. Servizos de rede e deseño dunha infraestrutura de dominio

Parte V

Obxectivos da parte V

Neste apartado veranse temas relacionados con:

- Cotas de disco.
- Programación de tarefas.
- Copias de seguridade

Ás cotas de disco

As cotas de disco permiten controlar o espazo de disco que consume cada usuario ou grupos de usuarios. As cotas para cada usuario son por sistema de ficheiros (particións) e non por carpetas, co cal se para carpetas distintas un usuario deberá ter cotas distintas é necesario que cada unha delas resida nun sistema de ficheiros distinto (nun disco ou partición distinta).

Introdución

As cotas son implantadas polo **administrador do sistema** para cada sistema de ficheiros (disco/partición) para:

- **usuarios**: cada usuario terá os seus propios límites.
- **grupos**: tódolos usuarios dun grupo, en conxunto, teñen os límites do propio grupo. Se un usuario do grupo supera os límites da cota os demais usuarios do grupo tamén se verán afectados.

Hai dous tipos básicos de cota:

- **Cota de disco ou de bloque**: determina a cantidade de espazo en disco que pode ser usada por un usuario ou grupo nun sistema de ficheiros (disco/partición).
- **Cota de ficheiros ou de inode**: determina o número máximo de carpetas ou ficheiros que un usuario/grupo pode crear nun sistema de arquivos (disco/partición).

Ademais os administradores poden definir dous límites para cada un dos tipos de cota anteriores:

- **Cota suave, flexible / soft quota**: é un límite de advertencia, que lle informa ó usuario que se está aproximando á *hard quota*. Este límite ten un período de grazia, que se verá a continuación.
- **Cota forte, ríxida / hard quota**: límite que o usuario/grupo non pode superar.

Finalmente para a **soft quota** existe un período de grazia:

- **Grace period**: Cando un usuario/grupo supera a *soft quota*, este ten un período de grazia (por defecto 7 días) para que volva a baixar dese límite antes que se lle limite totalmente como se dunha *hard quota* se tratase.

Pódense aplicar períodos de grazas xenéricas para tódolos usuarios/grupos dun sistema de arquivos (disco/partición) ou para un usuario/grupo concreto dese sistema de arquivos.

Nos seguintes títulos instalarase o xestor de cotas e xestionaranse as cotas dun sistema de arquivos (**/home/iescalquera**) con comandos e doutro sistema de arquivos (**/**) con webmin.

O modo que ten o sistema para saber cantos recursos ou canto consumen por usuario é moi sinxelo, simplemente se analiza de que obxectos (ficheiros/carpetas) é **propietario** ese usuario.

Este é o formato que ten unha cota: os tres primeiros números están en KB.

```
Disk quotas for user xan (uid 10003):
Filesystem blocks quota limit grace files quota limit grace
/dev/sda6      4     10     17

```

- Lenda:

- **blocks**: espazo consumido en disco
- **quota**: soft quota
- **limit**: hard quota
- **files**: número de arquivos/carpetas que o usuario ten nese sistema de arquivos (de canto é dono).
- **grace**: canto tempo lle resta ao usuario para poder estar por enriba da soft quota.

Instalación do xestor de cotas

Para instalar:

```
sudo aptitude install quota
```

Xestión de contas con comandos: /home/iescalquera

Aplicar cotas ó sistema de arquivos

Unha vez que se instalou o paquete hai que indicar en que sistema de arquivos se desexa aplicar a cota, neste caso no sistema de arquivos montado en **/home/iescalquera**. Ademais débese indicar se se van aplicar cotas de usuario, de grupo ou ambas.

Editar o ficheiro **/etc/fstab** e engadir os parámetros que indican que se desexan aplicar cotas de usuario e grupo sobre o sistema de arquivos montado en **/home/iescalquera**.

```
sudo nano /etc/fstab
```

Olló cada quen ten UUID distinto, por iso cada quen debe engadir manualmente os parámetros **usrquota** (cotas de usuario) e **grpquota** (cotas de grupo) se se van aplicar cotas ós grupos, senón non é preciso indicar ese parámetro. Neste caso só se van aplicar as de usuario áinda que se configurarán tamén as de grupo.

```
UUID=e162c2ac-dbc6-446b-9adf-09040428eb97 /home/iescalquera ext4 defaults,acl,usrquota,grpquota 0 0
```

Finalmente, só resta remontar o sistema de arquivos ó que se lle aplicaron as cotas (se o sistema de arquivos está en uso hai que reiniciar):

```
sudo mount -o remount /home/iescalquera
```

Executando o comando *mount*

```
mount
#deberá amosar algo como o seguinte:
/dev/sda6 on /home/iescalquera type ext4 (rw,acl,usrquota,grpquota)
```

Crear os ficheiros de cotas

Na raíz do sistema de arquivos no que se aplican as cotas deben existir dous arquivos nos que se almacena a información sobre as cotas e consumos de cada usuario: **aquota.user** e **aquota.group**. Eses ficheiros poden crearse manualmente:

```
sudo touch /home/iescalquera/aquota.user /home/iescalquera/aquota.group
sudo chmod 600 /home/iescalquera/aquota.user /home/iescalquera/aquota.group
```

Pero farase facendo uso do comando **quotacheck**, que chequea, repara e crea, se non existen os arquivos anteriores.

```
sudo quotacheck -avug

# a: indica que se aplique o comando para tódolos sistemas de arquivos que teñen cotas.
# v: amosa información de saída do comando.
# u: chequea os ficheiros de cotas de usuarios
# g: chequea os ficheiros de cotas dos grupos
# para ver máis parámetros como sempre: quotacheck --help.
# este comando tamén podería executarse co mesmo resultado como:
# quotacheck -vug /home/iescalquera
```

Este comando debese executar coas cotas desactivadas, que é como están a primeira vez, para desactivalas usar o comando **quotaoff**.

Finalmente activar as cotas:

```
quotaon -av

# a: activa as cotas para tódolos sistemas de arquivos que teñen cotas.
# v: amosa información de saída do comando.
# como sempre máis información en: quotaon -help.
# este comando tamén podería executarse co mesmo resultado como:
# quotaon -avug
# quotaon -v /home/iescalquera
```

Establecer cotas para un usuario

Para establecer cotas hai que facelo por usuario ou por grupo individualmente, para tratar varios usuarios débese realizar cun script ou combinación de comandos.

NOTA: para os usuarios que realizaron a tarefa 3 do curso de platega:

O usuario **xan** dos apuntes non foi tido en conta na tarefa, pero puido verse afectado pola aplicación de permisos. Para resolvelo:

- Introducir a xan no grupo **g-usuarios** (para que poida acceder a /home/iescalquera) e - sudo setfacl -Rm u:xan:rwx /home/iescalquera/xan

O mesmo acontece cos usuarios: alberto, alfredo, felipe, etc.

Para realizar o seguinte exemplo borráronse tódalas subcarpetas e ficheiros de /home/iescalquera/xan, salvo os tres archivos que se copiaron de /etc/skel ó crear o usuario, cuxo propietario é root, neste exemplo. Ademais vaise entrar co usuario en modo consola e non en modo gráfico. A idea é comprobar como se ven afectados os límites de cada cota a medida que se crean carpetas e sabendo que estas ocupan 4KB.

Asignar unha cota a xan para o sistema de arquivos montado en /home/iescalquera con **setquota**.

```
sudo setquota -u xan 10 17 0 0 /home/iescalquera

# u: cota de usuario (g sería de grupo)
# 10: 13KB de soft quota de espazo de disco (bloques)
# 17: 17KB de hard quota de espazo de disco (bloques)
# 0: non hai soft quota para número de archivos e subcarpetas (inodes)
# 0: non hai hard quota para número de archivos e subcarpetas (inodes)
# neste caso como hai un só sistema de arquivos con cotas, o comando podería ser:
# sudo setquota -ua xan 10 17 0 0
```

```
# como sempre máis axuda en: setquota -help
```

Outra forma de editar as cotas dun usuario é con **edquota**:

```
sudo edquota -u xan
```

Ábrese un editor semellante ó *nano* que permite editar as cotas de usuario para cada sistema de ficheiros.

```
Disk quotas for user xan (uid 10003):
Filesystem          blocks      soft      hard      inodes      soft      hard
/dev/sda6              0         10        17        0         0         0

[ Léronse 3 liñas ]

^G Axuda      ^O Gravar      ^R Ler Fich      ^Y Páx Prev      ^K Cortar Txt      ^C Pos Act
^X Sair        ^J Xustif       ^W Buscar       ^V Páx Seg       ^U Pegar Txt       ^T Ortografía
```

Como o usuario *xan*, neste caso, non ten ningún arquivo na súa carpeta persoal o seu consumo en espazo (**blocks**) e ficheiros/carpetas (**inodes**) é cero.

Os consumos pódense consultar cos seguintes comandos: **quota** e **repquota**

```
sudo quota xan
Disk quotas for user xan (uid 10003): none

# comando executado polo usuario root.
# no caso de que o propio usuario inicie sesión simplemente debe escribir: quota
```

O usuario *xan* aínda non ten nada no sistema de arquivos */home/iescalquera*, por iso indica *none*.

O resultado de executar **repquota**: informar das cotas dos usuarios en cada sistema de ficheiros.

```
sudo repquota -a
*** Report for user quotas on device /dev/sda6
Block grace time: 7days; Inode grace time: 7days
                                         Block limits                         File limits
User           used   soft   hard grace   used   soft   hard grace
-----
root          --    1140     0     0          199     0     0
mon           --    1844     0     0          245     0     0
pia           --   17572     0     0          344     0     0
noe           --    1172     0     0          181     0     0
sol           --   2008     0     0          265     0     0
```

Este comando amosa os usuarios que son donos de algún obxecto no sistema de arquivos */dev/sda6*. Neste caso *xan* non é dono de ningún obxecto. Lembrar que o dono da súa carpeta e do seu contido (os tres ficheiros ocultos) é o root.

Observar tamén, como este comando indica que o período de grazas para cada tipo de cota é, por defecto, de 7 días.

Estudo do uso de cotas

Vaise estudar como se modifican os consumos dun usuario a medida que este crea obxectos. Farase uso do usuario **xan**. Para iso iniciar a sesión, *en modo consola*, co citado usuario.

O usuario *xan*, comproba a súa quota, e non ten consumos. Lembrar que o dono da súa carpeta e do seu contido (os tres ficheiros ocultos) é o root.

```
xan@server00:~$ quota
Disk quotas for user xan (uid 10003): none
```

O usuario crea unha carpeta e comproba a súa quota.

```
xan@server00:~$ mkdir carpetal
xan@server00:~$
xan@server00:~$ quota
Disk quotas for user xan (uid 10003):
      Filesystem  blocks   quota   limit   grace   files   quota   limit   grace
        /dev/sda6       4      10      17           1       0      0      0      0
```

Observar como a carpeta consume 4 KB (Blocks) e os ficheiros/carpetas creados é 1.

Por outra banda *root* pode consultar o consumo de tódolos usuarios: con **quota usuario** ou **repquota**.

```
administrador@server00:~$ sudo repquota -a

*** Report for user quotas on device /dev/sda6
Block grace time: 7days; Inode grace time: 7days
          Block limits                               File limits
User        used    soft    hard grace        used    soft    hard grace
-----
root      --    1140      0      0          199      0      0
xan       --      4     10     17          1      0      0
mon       --    1844      0      0          245      0      0
pia       --    17572     0      0          344      0      0
noe       --    1172      0      0          181      0      0
sol       --    2008      0      0          265      0      0
```

Agora si que xa aparece o usuario *xan*.

O usuario *xan* crea 2 carpetas máis.

```
xan@server00:~$ mkdir carpeta2
xan@server00:~$ quota
Disk quotas for user xan (uid 10003):
      Filesystem  blocks   quota   limit   grace   files   quota   limit   grace
        /dev/sda6       8      10      17           2       0      0      0
xan@server00:~$
xan@server00:~$ mkdir carpeta3
xan@server00:~$ quota
Disk quotas for user xan (uid 10003):
      Filesystem  blocks   quota   limit   grace   files   quota   limit   grace
        /dev/sda6    12*     10      17   7days         3       0      0      0
```

Unha vez superada *soft quota* actívase o período de graza, indicándolle ó usuario que lle quedan 7 días (ou os días ou horas ou minutos que restan en función de cando se consulten as cotas).

O usuario root, pasado un minuto despois de *xan* superar a soft quota, dispón da seguinte información:

| User | used | Block limits | | | | File limits | | | |
|---------|------|--------------|------|-------|-------|-------------|------|------|-------|
| | | soft | hard | grace | | used | soft | hard | grace |
| <hr/> | | | | | | | | | |
| root | -- | 1140 | 0 | 0 | | 199 | 0 | 0 | |
| alberto | -- | | 8 | 0 | 0 | | 3 | 0 | 0 |
| xan | ++ | 12 | 10 | 17 | 6days | 3 | 0 | 0 | |
| mon | -- | 1844 | 0 | 0 | | 245 | 0 | 0 | |
| pia | -- | 17572 | 0 | 0 | | 344 | 0 | 0 | |
| noe | -- | 1172 | 0 | 0 | | 181 | 0 | 0 | |
| sol | -- | 2008 | 0 | 0 | | 265 | 0 | 0 | |

Fixarse que indica como período de graza 6 días no canto de 7, isto é porque xa quedan menos de 7 días exactos (que foi cando *xan* consultou as cotas xusto despois de superar a soft quota). Quedan 6 días con varias horas e minutos. De feito se executa quota no usuario *xan* xa indica o mesmo.

Mentres non pase o período de graza o usuario pode seguir creando obxectos ate chegar ó límite **hard quota**. Se pasa o período de graza o usuario non pode crear máis obxectos ánta que non chegara á **hard quota**.

Finalmente fixarse no + que hai na entrada de *xan*, indica que se superou a **soft quota** de bloques.

Xestión de períodos de graza

Os períodos de graza poden xestionarse para un usuario concreto ou para todo o sistema de arquivos.

- Xestionar o período de graza de **todo o sistema de arquivos** con: **edquota -t** ou **setquota -t**.

```
sudo edquota -t

Grace period before enforcing soft limits for users:
Time units may be: days, hours, minutes, or seconds
Filesystem          Block grace period      Inode grace period
/dev/sda6            7days                  7days

[ Léronse 4 liñas ]
^G Axuda           ^O Gravar          ^R Ler Fich        ^Y Páx Prev       ^K Cortar Txt     ^C Pos Act
^X Sair             ^J Xustif           ^W Buscar         ^V Páx Seg        ^U Pegar Txt      ^T Ortografía
```

Aquí poden modificarse os períodos de graza para todo un sistema de arquivos.

```
sudo setquota -ta X Y

# X e Y son os segundos que se asignan ó período de graza de cada tipo de cota (bloques ou inodos)
# 7 días son 604800 segundos
# t: para indicar que se desexan modificar os tempos de graza para sistemas de arquivos.
# a: modificar os tempos de graza para todos os sistemas de arquivos.
```

- Para **cambiar o período de grazado dun usuario** usaranse os comandos anteriores co parámetro **-T**.

```
sudo edquota -Tu xan

Times to enforce softlimit for user xan (uid 10003):
Time units may be: days, hours, minutes, or seconds
Filesystem          block grace        inode grace
/dev/sda6           603422seconds    unset

[ Léronse 4 liñas ]

^G Axuda      ^O Gravar      ^R Ler Fich      ^Y Páx Prev      ^K Cortar Txt      ^C Pos Act
^X Saír        ^J Xustif       ^W Buscar       ^V Páx Seg       ^U Pegar Txt       ^T Ortografía
```

Indica os segundos (ou horas/minutos/días) que quedan de período de grazado para o usuario *xan*. Tamén se poderían modificar esos valores para o usuario *xan*.

Con **setquota**:

```
administrador@server00:~$ sudo setquota -Tua xan 60 120
setquota: Not setting inode grace time on /dev/sda6 because softlimit is not exceeded.

administrador@server00:~$ sudo quota xan
Disk quotas for user xan (uid 10003):
  Filesystem  blocks   quota   limit   grace   files   quota   limit   grace
    /dev/sda6     12*     10      17    00:01      3       0       0       0

# T: modificar os tempos de grazado dun usuario ou grupo.
# u: aplicar a usuarios.
# a: aplicar en todos los sistemas de archivos.
# 60: segundos de grazado para el espacio consumido en disco. Si pasa un minuto el usuario xan
#     no podra seguir creando objetos.
# 120: segundos para el periodo de grazado de inodos, no se aplicara porque no se supero el limite de
#     soft quota de inodes.
# Se se desea que no tenga cuota, nos segundos hay que indicar un cero (0).
```

Cando un usuario supere o seu tempo de grazado non pode crear máis obxectos áñade que non alcanzara a *hard quota*.

Só lle resta:

- Borrar obxectos para estar por debaixo da **soft quota**.
- Que un administrador lle amplíe o tempo de grazado.

None indica que o usuario xa non ten ningún tempo de grazado.

```
administrador@server00:~$ sudo quota xan
Disk quotas for user xan (uid 10003):
  Filesystem  blocks   quota   limit   grace   files   quota   limit   grace
    /dev/sda6     12*     10      17    none      3       0       0       0
```

Cotas excedidas e inicio de sesión gráfica

Unha vez que se alcance a **hard quota** ou se supere o *tempo de grazado* da **soft quota** o usuario vai ter problemas co inicio de sesión gráfica, podendo non iniciarse a sesión, ó non poder crear tódalas carpetas e ficheiros que se crean/modifican cando se inicia sesión en modo gráfico.

Por exemplo, no caso anterior, no que se esgotou o tempo de grazado para o usuario *xan*, este vai poder iniciar a sesión gráfica, pero non pode facer nada, pois gnome non pode crear tódalas carpetas e ficheiros de configuración personalizados do usuario *xan*.

Se algúnn proba a entrar en modo gráfico e ordenador se queda “colgado”, sen poder facer nada: entrar nunha consola (CTRL+F1) e reiniciar o entorno gráfico:

```
sudo /etc/init.d/gdm restart
```

Por tanto, para facilitar que **xan** poida iniciar sesión gráfica hai que ampliarlle a cota. Vaise establece unha cota de 100 MB e advertencia de aproximadamente 90 MB.

```
administrador@server00:~$ sudo setquota -u xan 90000 102400 0 0 /home/iescalquera.
```

Agora o usuario *xan* non terá problemas para iniciar a sesión en modo gráfico.

Copiar cotas

Para copiar as cotas dun usuario a outro úsase o comando **edquota -p**:

```
administrador@server00:~$ sudo edquota -p xan alberto
```

NOTA -LEMBRA: para os usuarios que realizaron a tarefa 3 do curso de platega:

O usuario **alberto** dos apuntes non foi tido en conta na tarefa, pero pudo verse afectado pola aplicación de permisos da tarefa. Para resolvelo:

- Introducir a *alberto* no grupo **g-usuarios** (para que poida acceder a */home/iescalquera*) e
- *sudo setfacl -Rm u:alberto:rwx /home/iescalquera/alberto*

Para comprobar a cota de *alberto*:

```
administrador@server00:~$ sudo quota alberto
```

Disk quotas for user alberto (uid 10002):

| Filesystem | blocks | quota | limit | grace | files | quota | limit | grace |
|------------|--------|-------|--------|-------|-------|-------|-------|-------|
| /dev/sda6 | 8 | 90000 | 102400 | | 3 | 0 | 0 | |

O parámetro **-p** permite que a cota dun usuario prototipo se aplique a varios usuarios:

```
sudo edquota -p user_prototipo user1 user2 user3 ...
```

Aplicar cotas a varios usuarios do sistema

Hai veces nas que interesa aplicar unha cota a varios usuarios dun xeito sinxelo e sen ter que ir un por un.

Isto pódese realizar con: **setquota** ou **edquota**.

- Pasos previos a calquera dos dous comandos anteriores:

Primeiro hai que obter os usuarios ós que se lle vai aplicar as cotas:

No ficheiro **usuarios.completos** vaise almacenar o listado de tódolos usuarios que devolve *getent passwd*

```
getent passwd>usuarios.completos
```

No ficheiro **usuarios.nomes** almacenaranse só os nomes dos usuarios dos que se interese en aplicarlle as cotas.

```
echo `awk -F: '($3 > 9999) && ($3 < 10006) {print $1}' usuarios.completos`>usuarios.nomes
```

```
# awk -F: '($3 > 9999) && ($3 < 10006) {print $1}' usuarios.completos.
```

Esta liña quere dicir:

```
# awk é unha linguaxe de programación:
```

```
# 'awk -F: ---> indícalle a awk que o separador de campos é o signo ":".
```

```
# ($3 > 9999) && ($3 < 10006) {print $1} ----> indícalle a awk que se o campo número 3 (neste caso
#                               sería o campo de uid do arquivo usuarios.completos)
#                               está entre 9999 e 10006 entón que amose o campo 1
#                               dese ficheiro, isto é: o username.
```

```
# usuarios.completos ----> é o ficheiro que vai procesar awk para pasarllo ó comando echo e este
#                               envíao ó ficheiro: usuarios.nomes
```

Agora en *usuarios.nomes* xa só se teñen os nomes dos usuarios ós que se lle desexa aplicar unha cota.

- Axustar cotas con **setquota**.

Crear o seguinte script: **setquotas.varios**

```
#!/bin/bash
for USUARIO in `cat usuarios.nomes`
do
    setquota -u $USUARIO 90000 102400 0 0 /home/iescalquera
done
```

Executalo:

```
sudo sh setquotas.varios
```

- Axustar cotas con **edquota**.

Con **edquota** é máis sinxelo xa que se lle poden pasar tódolos usuarios afectados como parámetro.

```
sudo edquota -p xan `cat usuarios.nomes`
# copia as cotas de xan ós usuarios que están no ficheiro usuarios.nomes
```

Tamén podería ser:

```
sudo edquota -p xan `awk -F: '($3 > 9999) && ($3 < 10006) {print $1}' usuarios.completos`
```

Quitar as cotas a un usuario

As cotas quítanse poñendo ceros nos límites que se desexan desactivar.

```
sudo setquota -u USUARIO 0 0 0 0 /sistema de arquivos
```

As cotas de usuario nos equipos cliente

Os usuarios que inicien sesión nos equipos cliente, tanto GNU/Linux como MS Windows, xa teñen as cotas aplicadas de xeito transparente, ben por nfs ou ben por samba. As cotas en realidade son controladas polo servidor onde residen os sistemas de arquivos ós que os usuarios acceden remotamente.

As cotas en Ubuntu Desktop

En ubuntu desktop, *nautilus* (o xestor de arquivos) non informa de canto é o espazo real que o usuario ten nun sistema de arquivos montado por nfs, senón que amosa a capacidade total de todo o sistema de arquivos sen ter en conta a cota do usuario.

Por outra banda, en modo consola non se poden consultar as cotas.

En calquera dos dous casos, as cotas están funcionando, pois son controladas polo servidor de arquivos.


Nos postos de traballo para que os usuarios poidan consultar a súa cota en modo consola, precísase instalar o paquete *quota*.

```
sudo aptitude install quota.
```

No caso do navegador de arquivos nautilus, como xa se dixo, non informa de cal é o límite máximo de cota de disco para os usuarios, só informa cando o usuario non pode escribir no disco por superar a súa cota.

- **IMPORTANTE**, cando se borran arquivos e carpetas, estas van para á papeleira, estas seguen consumindo espazo no disco e por tanto na cota do usuario, haberá que baleirar o lixo se se desexa liberar espazo.

A seguinte imaxe amosa como informa nautilus dun exceso de cota para o usuario *xan*, pero en ningún caso lle indica que o espazo dispoñible para el é de 100 MB. Observar como áinda segue indicando que o espazo dispoñible son 5 GB e pico. Iso está informado no seguinte bug: <https://bugs.launchpad.net/ubuntuone-client/+bug/510719>



Ademais a aplicación das cotas con nautilus ten outro bug importante, como se relata en: <https://bugs.launchpad.net/ubuntu/+source/nautilus/+bug/410260>

Observar como xan consulta a súa cota, dende o cliente00:


```
xan@cliente00:~$ quota
Disk quotas for user xan (uid 10003):
      Filesystem    blocks   quota   limit   grace   files   quota   limit   grace
server00.iescalquera.local:/iescalquera
                                102400*   90000   102400   6days   763       0       0
```

Polo tamaño do ficheiro usado para realizar a proba para exceder a cota é imposible que o espazo consumido sume exactamente 102400 KB (a *hard quota*). Está explicado no bug anterior, e consiste que o último ficheiro que se copie antes de superar a *hard quota* vaise copiar integralmente, cando se remate de copiar recortarase ata axustar ó espazo que quedaba sen superar a cota. Ollo con iso en nautilus e co último arquivo que se copie antes de exceder a cota.

As cotas de usuario en Windows XP

Neste caso, MS Windows, si que *informa a medias* do espazo do que dispón o usuario na súa cota. Informa da *soft quota* e non da *hard quota*. Pero un usuario sempre terá este último límite como aplicable.

A seguinte imaxe amosa como informa Windows XP do espazo consumido e do espazo dispoñible en disco (**soft quota**). (90.000 KB = 87,8 MB) para o usuario *xan*.



O usuario *xan* poderá superar sen problemas eses 87,8 MB (semre que non se supere o tempo de grazas) ate 100 MB (hard quota).

Administración de cotas con webmin (sistema raíz, /)

As cotas de usuarios e grupos tamén poden ser administradas desde o webmin. Neste caso queríense xestionar as cotas para **/comun**. Pero resulta que **/comun** é unha simple carpeta no sistema de ficheiros montado na raíz **/**. Co cal, hai que xestionar as cotas do sistema de archivos raíz. O ideal sería dispor dunha nova partición ou disco que estivera montado en **/comun**. Pero para realizar a práctica ben vale así, pero moito ollo coas cotas que se poñen no sistema raíz, pois poderíase bloquear o acceso ó sistema, coidado cos usuarios e grupos administradores. Só usar os usuarios creados no LDAP.

Antes de comenzar actualizar os módulos disponibles en webmin: **Refresh Modules**

Activar cotas

En Sistema->Sistema de arquivo de disco e de rede Seleccionar o sistema raíz /, ó que se lle van activar as cotas, neste caso só de usuario, podería ser tamén de grupos. Premer en salvar.

| Cuotas de Disco | | | | | | Buscar Documentos.. |
|--|-----------------------------|---|---|-------------------|--|---------------------|
| Sistema de Archivos | Tipo | Montado Desde | Estado | Acción | | |
| / | New Linux Native Filesystem | Partition with ID 9f663c1de-87f4-4ba7-b5bf-9135b4061643 | Cuotas de Usuario Inactiva | Activar Cuotas | | |
| /home/iescalquera (users) | New Linux Native Filesystem | Partition with ID e1f62c2ac-dbc6-446b-9ad9-09040428e937 | Cuotas de Usuario y Grupo Activa | Desactivar Cuotas | | |
| (groups) | | | | | | |
| Editar Cuotas de Usuario: <input type="text"/> | | | Enter or select a user, and click this button to view his quotas on all filesystems. | | | |
| Editar Cuotas de Grupo: <input type="text"/> | | | Enter or select a group, and click this button to view its quotas on all filesystems. | | | |

En Sistema->Cotas de disco vénsen os sistemas de arquivos sobre os que hai cotas. No caso do sistema raíz áñida non están activadas (`mount -o remount /`). Unha vez activadas, pódese comprobar con `mount` no servidor que o sistema raíz / ten o parámetro `usrquota`, e que o ficheiro `aquotra.user` está creado na raíz /.

En **Sistema->Cotas de disco** véns os sistemas de arquivos sobre os que hai cotas. No caso do sistema raíz áinda non están activadas (`mount -o remount /`). Unha vez activadas, pódese comprobar con `mount` no servidor que o sistema raíz / ten o parámetro `usrquota`, e que o ficheiro `aquota.user` está creado na raíz /.

Xestionar cotas

| Ayuda... | Configuración de Módulo | Cuotas de Disco | Buscar Documentos... | |
|---|-----------------------------|--|----------------------------------|-------------------|
| Sistema de Archivos | Tipo | Montado Desde | Estado | Acción |
|  /home/escalquera (users) | New Linux Native Filesystem | Partition with ID 9663c1de-e87f-4ba7-b56f-9f35b4061643 | Cuotas de Usuario Activa | Desactivar Cuotas |
|  /home/escalquera (groups) | New Linux Native Filesystem | Partition with ID e162c2ac-dbc6-446b-9ad9-09040428eb97 | Cuotas de Usuario y Grupo Activa | Desactivar Cuotas |

Editar Cuotas de Usuario: Enter or select a user, and click this button to view his quotas on all filesystems.

Editar Cuotas de Grupo: Enter or select a group, and click this button to view its quotas on all filesystems.

Selecionar o sistema de arquivos no que se desexa xestionar as cotas
Neste caso /.

Esta pantalla amosa aqueles usuarios que están *usando* espazo no sistema raíz. Se houbera usuarios con cotas, e sen obxecto tamén os amosaría. Para editar as cotas de cada usuario que xa é dono de obxecto e preciso premer sobre el. Para editar as cotas dun usuario que ainda non creou nada no sistema raíz, hai que seleccionalo explicitamente en **Editar Cota Para:**, neste caso o usuario *yan*.

Indice de Módulo Ayuda..

Editar Cuota

Cuota para xan en /

| | | | |
|---|--|--|---|
| Límite de Bloques por Soft | <input type="radio"/> Ilimitada <input checked="" type="radio"/> 1024000 | Límite de Bloques por Hard | <input type="radio"/> Ilimitada <input checked="" type="radio"/> 150000 |
| Bloques Disponibles en Disco 9614116 total / 7656272 free | | | |
| Límite de Archivos por Soft | <input type="radio"/> Ilimitada <input checked="" type="radio"/> | | |
| Límite de Archivos por Hard | <input type="radio"/> Ilimitada <input checked="" type="radio"/> | Archivos Disponibles en Disco 610800 total / 545067 free | |
| <input type="button" value="Actualizar"/> | | | |
| <input type="button" value="Listar Todas las Cotas"/> Click this button to display a list of all filesystems on which this user has disk quotas, with links to edit them. | | | |

A modo de exemplo asígnaselle unha cota de bloques de 100 MB para a *soft quota* e aproximadamente 150 MB para a *hard quota*. Premere **Actualizar**.

Indice de Módulo Ayuda..

Cotas de Sistema de Archivos

Todas las Cotas de Usuario aquí /

User list | Default quotas | Email notifications

Webmin puede ser configurado para poner automáticamente las cuotas en este sistema de archivos cada vez que un nuevo usuario de Unix sea creado. Esto sólo funcionará cuando los Usuarios y Grupos el módulo de Webmin es utilizado para añadir usuarios.

| Sistema de Archivos | Usuario | Usado | Límite por Soft | Límite por Hard | Gracia | Usado | Límite por Soft | Límite por Hard |
|---------------------|------------|-------|-----------------|-----------------|--------|-----------|-----------------|-----------------|
| / | xan | 0 | 1024000 | 150000 | 0 | 0 | Ilimitada | Ilimitada |
| /home/escalquera | escalquera | 46868 | 90000 | 102400 | 792 | Ilimitada | Ilimitada | Ilimitada |

Archivos (EXCEDE total / SALDOS free : 0)

Actualizar | Editar Selected User | Borrar Todos los Datos de Cotas | Recargar Cotas |

A pantalla amosa os usuarios que son donos de arquivos/carpetas e aqueles que sen selo áinda teñen algunha cota. Premendo en **Editar tempos de gracia** pódense xestionar os tempos de grazas do sistema de arquivo, non do usuario. Premendo en **Default quotas** webmin, permite asignar cotas ós usuarios que se van creando dende a propia ferramenta de creación de usuarios de webmin.

Indice de Módulo Ayuda..

Cotas de Sistema de Archivos

Todas las Cotas de Usuario aquí /

User list | Default quotas | Email notifications

Webmin puede ser configurado para poner automáticamente las cuotas en este sistema de archivos cada vez que un nuevo usuario de Unix sea creado. Esto sólo funcionará cuando los Usuarios y Grupos el módulo de Webmin es utilizado para añadir usuarios.

Nuevas Cotas de Usuario

| | | | |
|--|--|----------------------------|---|
| Límite de Bloque por Soft | <input type="radio"/> Ilimitada <input checked="" type="radio"/> 1024000 | Límite de Bloque por Hard | <input type="radio"/> Ilimitada <input checked="" type="radio"/> 150000 |
| Límite de Archivo por Soft | <input type="radio"/> Ilimitada <input checked="" type="radio"/> | Límite de Archivo por Hard | <input type="radio"/> Ilimitada <input checked="" type="radio"/> |
| <input type="button" value="Aplicar"/> | | | |

A modo de exemplo asígnase 100 MB de *soft quota* e aproximadamente 150 MB de *hard quota* para os futuros usuarios. Premere en aplicar.

Indice de Módulo Ayuda..

Cotas de Disco

Configuración de Módulo Buscar Documentos..

| Sistema de Archivos | Tipo | Montado Desde | Estado | Acción |
|--------------------------|-----------------------------|--|---------------------------------|------------------|
| / | New Linux Native Filesystem | Partition with ID 9663c1de-e87f-4ba7-b56f-9335d4061643 | Cotas de Usuario Activa | Desactivar Cotas |
| /home/escalquera (users) | New Linux Native Filesystem | Partition with ID e195c2ac-dbc6-446b-9edf-0904d4283097 | Cotas de Usuario y Grupo Activa | Desactivar Cotas |

... Enter or select a user, and click this button to view its quotas on all filesystems.
 ... Enter or select a group, and click this button to view its quotas on all filesystems.

Volvendo a **Sistema->Cotas de disco**, pódese editar as cotas que un usuario ten nos distintos sistemas de arquivos ...

Indice de Módulo Ayuda..

Cotas de Usuario

Todas las Cotas para xan

Espacio en disco Archivos

| Sistema de Archivos | Usado | Límite por Soft | Límite por Hard | Gracia | Usado | Límite por Soft | Límite por Hard | Gracia |
|---------------------|-------|-----------------|-----------------|--------|-----------|-----------------|-----------------|-----------|
| / | 0 | 1024000 | 150000 | 0 | 0 | Ilimitada | Ilimitada | Ilimitada |
| /home/escalquera | 46868 | 90000 | 102400 | 792 | Ilimitada | Ilimitada | Ilimitada | Ilimitada |

Editar Cota En: / Copiar Cotas

View and edit the quotas for this user on some other filesystem that he currently does not have quotas on.
Copy quota limits for this user on all filesystems to some or all other users.

... O usuario xan e as súas cotas. Premendo en **Copiar Cotas** pódense copiar as cotas do usuario xan a outros...

Indice de Módulo Ayuda..

Copiar Cotas

Copiar cuotas para xan en TODOS los sistemas de archivo a...

Todos los usuarios en tu sistema
 Usuarios seleccionados alberto alfredo
 Miembros del grupos selectos

... neste caso ós usuarios alfredo e alberto.

Axustar cotas personalizadas en webmin

Puidera resultar interesante asignar unhas cotas por defecto a todo usuario salvo a aqueles que pertencesen a un determinado grupo. Por exemplo, sería interesante que cando se dese de alta un usuario no sistema este tivese unha cota salvo se fose un profesor que tería outra distinta.

Para iso pódese botar man do script que servía para dar de alta ós usuarios en kerberos despois de facelo no LDAP. Pero antes débese desactivar en webmin que se asignen cotas por defecto ós usuarios novos: **Sistema->Cotas de disco->Default quotas**, poñer todos os valores a ilimitado.

Engadir ó contido do script **/opt/admin_kerberos_principals.sh** ...

```
#!/bin/bash
case "$USERADMIN_ACTION" in
"CREATE_USER") kadmin.local -q "addprinc -x dn=uid=$USERADMIN_USER,ou=usuarios,$
```

```
"MODIFY_USER") kadmin.local -q "cpw -pw $USERADMIN_PASS $USERADMIN_USER";;
"DELETE_USER") kadmin.local -q "delprinc -force $USERADMIN_USER";;
esac
```

o seguinte

```
#comprobar se o usuario que se dá de alta é un profesor
groups $USERADMIN_USER | grep profes >/dev/null
RETORNO=$?

#se é un profesor aplicarlle unha cota maior
#noutro caso unha cota por defecto.
if [ $RETORNO = 0 ] ; then
    setquota -u $USERADMIN_USER 200000 250000 0 0 /
else
    setquota -u $USERADMIN_USER 102400 150000 0 0 /
fi
```


-- Antonio de Andrés Lema e Carlos Carrión Álvarez -- (28 feb 2010).

Planificador de tarefas: cron

Para programar/planificar tarefas con certa periodicidade ou en certas datas en GNU/Linux úsase o servizo cron^[2]. O nome de **cron** vén do grego Chronos^[3].

Introducción

- **Cron** é un servizo que corre en segundo plano e que executa tarefas cada certo tempo. (/etc/init.d/cron)
- **Cron** le ficheiros chamados **crontab** (CRON TABLE), nos que se almacenan as tarefas a executar e cando se deben executar.
- Cada usuario pode ter o seu propio ficheiro **crontab**, onde pode especificar as accións que deseja levar a cabo e as veces que deberían ser ejecutadas. Ollo!!! as accións que se especifiquen levaranse a acabo se o usuario ten permisos para realizaras e se ten permitido ter un ficheiro **crontab**, que por defecto todo usuario ten derecho.
 - Se o usuario non está logueado realizaranse igualmente as tarefas especificadas no seu ficheiro **crontab**.
 - Os ficheiros **crontab** que cree cada usuario almacénase en **/var/spool/cron/crontabs/<nome de usuario>**.
- Existe, tamén, un ficheiro **crontab do sistema**, este almacénase en **/etc/crontab**. Nel, ó igual que nos outros, indícanse as tarefas a realizar, cando executalas '*usuario* que as debe executar.
- **Os usuarios que poden, ou non, executar tarefas programadas están nas seguintes listas:**
 - **/etc/cron.allow** (permitir)
 - **/etc/cron.deny** (denegar)



Chronos esperando no Cemiterio Monumental Xenovés de Staglieno^[1].

- Estes dous ficheiros non existen inicialmente nun sistema estándar Debian/Ubuntu, por tanto todo usuario pode executar tarefas programadas. Tan pronto como existe un deses ficheiro aplícase a permisión/denegación:
 - Existe /etc/cron.allow e non /etc/cron.deny: só poden executar cron os usuarios que estean no ficheiro cron.allow.
 - Existe /etc/cron.deny e non /etc/cron.allow: só poden executar cron os usuarios que NON estean no ficheiro cron.deny.
 - Non existe ningún: todo usuario pode executar cron.
- No directorio **/etc/cron.d/** pódese almacenar ficheiros tipo crontab co mesmo formato quen ten o ficheiro /etc/crontab. É máis aconseillable crear crontabs en /etc/cron.d/ que modificar o ficheiro /etc/crontab, porque este pode ser modificado cando se realicen actualizacións de cron.
- Se está instalada a utilidade **anacron**^[4] executaranse tódalas tarefas almacenadas en: /etc/cron.hourly, /etc/cron.daily, /etc/cron.weekly e /etc/cron.monthly. A diferenza de **cron**, se o ordenador estivo a apagado, ó acender mira se algúna tarefa deses directorios non foi executada no seu momento e procede con ela.
- O servizo de *cron* cada minuto revisa o ficheiro /etc/crontab e o contido das carpetas /var/spool/cron/crontabs, /etc/cron.hourly, /etc/cron.daily, /etc/cron.weekly, /etc/cron.monthly e /etc/cron.d e se hai cambios, estes son cargados en memoria. Por iso, non é preciso reiniciar o servizo *decron* cada vez que se modifique un ficheiro *crontab*.
- Finalmente para administrar a planificación de tarefas tense:
 - comandos: crontab
 - web: webmin
 - gráfico: paquete gnome-schedule (Aplicativos --> Ferramentas do sistema --> Administrador de Tareas)

Axuda

Pódese atopar axuda en:

- man cron
- man crontab (axuda do comando).
- man 5 crontab (axuda do formato do ficheiro).

Estrutura dos ficheiros crontab

- Cada ficheiro '*crontab*', ben do usuario ou ben do sistema, ten a maior parte das veces unha estrutura interna como a que segue:

```
# m h dom mon dow user      command
m:   minutos          0-59
h:   hora              0-23
dom: dia do mes       1-31
mon: mes               1-12 (ou 3 primeiras letras do nome)
dow: dia da semana:    0-7   (0 ou 7 é Domingo, ou 3 primeiras letras
                           do nome)
command: comando a executar.

user: usuario que executa o comando: non existe nos crontab de usuario
(/var/spool/cron/crontabs/<nome usuario>).

Si existe no crontab do
```

sistema

(/etc/crontab).

A seguinte imaxe pode clarificar un chisco máis a estrutura e os posibles valores:



- Esta imaxe^[5] foi tomada de <http://www.linuxconfig.org>. Existe unha versión en español en Wiki Ballano^[6].
- Neste caso, esta sería a configuración do **crontab do sistema** (/etc/crontab), pois ten o campo **usuario**.
- Notar que cando se indica un asterisco (*) o campo toma todos os valores do rango, do primeiro ó último.
- Están permitidas listas (usar comas ,), rangos (usar guións -) ou saltos (usar barra /) de números en cada un dos campos. Exemplos para o campo minutos:

 - 1,5,7,20:** a tarefa executarse neses minutos.
 - 0-5:** a tarefa executarse cada minuto, dende o minuto 0 ate o 5, ambos inclusive.
 - 0-6, 10-13,40:** combinación dos 2 anteriores.
 - */15:** a tarefa executarse cada 15 minutos.
 - 0,15,30,45:** fai o mesmo que o anterior.
 - 0-11/2:** a tarefa executarse cada 2 minutos dende o minuto 0 ó 10 (incluídos).
 - 0,2,4,6,8,10:** fai o mesmo que anterior liña.

- Observar que o campo día está determinado por dous campos: dom (día do mes) e dow (día da semana). Se os dous teñen valor, o comando executarse cando CALQUERA dos campos coincidan co momento correcto.

Exemplo:

```
# m h dom mon dow command
 30 4 1,15 *      5  comando
```

O comando executárase ás 4:30 am, os días 1 e 15 de cada mes ou calquera venres á mesma hora.

- No canto dos cinco primeiros campos pode aparecer unha das 8 cadeas especiais:

| cadea | significado | m | h | dom | mon | dow |
|-----------|---|-------|-------|-------|-------|-------|
| ----- | ----- | ----- | ----- | ----- | ----- | ----- |
| @reboot | Executar unha vez ó iniciar. | | | | | |
| @yearly | Executar unha vez ó ano, o 01/01/ano.= | "0 | 0 | 1 | 1 | *". |
| @annually | O mesmo que @yearly. | | | | | |
| @monthly | Executar unha vez ó mes, o 01/mes/ano.= | "0 | 0 | 1 | * | *". |

```

@weekly Executar unha vez á semana, o Domingo.= "0 0 * * 0".
@daily Executar unha vez ó día, ás 12 da noite.= "0 0 * * *".
@midnight O mesmo que @daily.
@hourly Executar cada hora en punto.= "0 * * * *".

```

Envío de correo

- **cron** envía ó usuario dono da tarefa (root@localhost, usuario@localhost) que se executa programadamente un correo coa saída da tarefa ou dos comandos da tarefa, se teñen. Nun sistema Ubuntu recién instalado non hai ningunha utilidade de mail de consola, por tanto *cron* non vai poder enviar correo algúin.
- Se se tivera instalada unha utilidade de correo, *cron* enviaría, por defecto, un correo ó dono da tarefa, coa saída desta, ou a quien se especifique no parámetro **MAILTO** do ficheiro *crontab*.
- Que facer no caso de ter unha utilidade de mail e non se desexa que cron estea enviando unha mensaxe de correo coa saída da tarefa vez que se executa?:
 - **comando &> /dev/null** ou **comando > /dev/null 2>&1**: envía a saída do comando/errores a /dev/null.
 - **comando >> ruta/saida.txt 2>&1**: envía a saída do comando/errores ó ficheiro *saida.txt*
 - **MAILTO=""**: definir o parámetro do ficheiro **crontab** a nada, e enviaráselle o correo á **ninguén**.

No caso que nos ocupa non hai utilidade de mail instalada. Pero verase un exemplo máis adiante con isto.

Variables de entorno

- Algunhas variables de entorno son iniciadas polo servizo *cron*. Cando se lanza unha tarefa programada estes son os seus valores por defecto.
 - **HOME**= colle o valor do ficheiro /etc/passwd do dono do crontab.
 - **LOGNAME**= colle o valor do ficheiro /etc/passwd do dono do crontab.
 - **PATH=/usr/bin:/bin**
 - **SHELL=/bin/sh**

Estes valores poden ser modificados ó inicio dun ficheiro crontab. E poden ser definidas outras novas variables, como: **LANG**, que por defecto é inglés. Se se desexase que a locale estivese en galego, indicar ó inicio do crontab:

```
LANG=gl_ES.UTF-8
```

Exemplos de ficheiros crontab

Antes de entrar en materia e realizar tarefas programadas véxanse algúns exemplos destas. Ó final destes exemplos creranse varias tarefas programadas.

- **Exemplo de Ficheiro crontab dun usuario: /var/spool/cron/crontabs/<usuario>:**

```

# Un ficheiro de usuario debe ser editado co comando crontab, logo verase.

#Usar /bin/bash para executar os comandos, no canto do shel por defecto: /bin/sh
SHELL=/bin/bash

#
# Enviar un correo, se estivera configurado, coa saída dos comandos a tres
# usuarios, o último é un usuario local. Non importa que sexa o dono do crontab
MAILTO=usuario@edu.xunta.es, user@gmail.com, usuario_local

#
# Executa o script "diario.job", tódolos días, cada 5 minutos, despois da media
# noite. A súa saída non é enviada ó correo senón que se envíe ó ficheiro

```

```

# saida.txt
5 0 * * *      $HOME/bin/diario.job >> $HOME/saida.txt 2>&1

# Execútase a tarefa monthly ás 2:15pm do primeiro de cada mes, e enviase un
# correo coa súa saída ós tres destinatarios de MAILTO.
15 14 1 * *      $HOME/bin/monthly

#
# Enviar un corre a xose as 10 pm ós días de semana:
0 22 * * 1-5      mail -s "Son as 10pm" xose%Xose,%%Onde están os nenos?%

# Envía a saída do comando echo ós tres de MAILTO, tódolos días, cada 2 horas,
# 23 minutos despois da hora.
23 0-23/2 * * * echo "run 23 minutes after midn, 2am, 4am ..., everyday"

# Envía a saída do comando echo ós tres de MAILTO, cada domingo ás 4:05 am.
# 23 minutos despois da hora.
5 4 * * sun      echo "run at 5 after 4 every sunday"

# Envía o erro da saída do comando mkdir /u ós tres de MAILTO, cada minuto.
# Un usuario calquera non ten, por defecto, permisos para crear na raíz.
# A mensaxe que enviaría sería algo como isto:
#           mkdir: non se pode crear o directorio "/u": Permission denied
* * * * *      mkdir /u

```

- **Exemplo de Ficheiro crontab de sistema: /etc/crontab:**

```

# Este ficheiro, ó igual que os crontabs que se creen dentro de /etc/cron.d/,
# ten un campo de usuario, que indica que usuario executa ese comando.

# Este ficheiro óu os crontabs de /etc/cron.d/ editanse á man sen usar o
# comando crontab, como se verá máis adiante.

# Non se recomienda que se modifique o ficheiro /etc/crontab, pois se se
# actualiza o cron, pode ser que se actualice este ficheiro. Para tarefas
# programadas do sistema créense ficheiros crontabs en /etc/cron.d/

# Este é o contido real de /etc/crontab.

#Definición de variables de entorno.

SHELL=/bin/sh

PATH=/usr/local/sbin:/usr/local/bin:/sbin:/bin:/usr/sbin:/usr/bin

# run-parts: executa programas ou scripts dun directorio.

# m h dom mon dow user      command

17 *      * * *      root      cd / && run-parts --report /etc/cron.hourly
# Comproba se existe o comando anacron run
25 6      * * *      root      test -x /usr/sbin/anacron || ( cd / && run-parts --report /etc/cron.daily )

```

```

47 6      * * 7      root      test -x /usr/sbin/anacron || ( cd / && run-parts --report /etc/cron.weekly )
52 6      1 * *      root      test -x /usr/sbin/anacron || ( cd / && run-parts --report /etc/cron.monthly )

# A modo de exemplo vaise engadir unha entrada neste ficheiro, cousa non
# aconseillable, é mellor crear un ficheiro tipo crontab en /etc/cron.d/

MAILTO=usuario@edu.xunta.es, user@gmail.com, usuario_local

# Envía a saída do comando (o espazo que consumen as carpetas persoais dos
# usuarios LDAP) ós tres de MAILTO. Ás 2am de cada día.
* 2 * * * root du -h --max-depth=1 /home/iescalquera

```

Crear tarefas programadas: liña comandos

Vistos os exemplos anteriores vanse realizar varias tarefas programadas no server00.

Tarefas programadas de usuarios

Usar o comando **crontab**:

```

crontab [-u usuario] { -e | -l | -r }

# Parámetros
# -u: para editar o crontab dun usuario distinto ó actual.
# -e: edita o ficheiro crontab de usuario
# -l: lista o ficheiro crontab de usuario
# -r: borra o ficheiro crontab de usuarios

```

- **A miña primeira tarefa programada:**

Crear unha tarefa programada que cada minuto escriba nun ficheiro o nome do usuario, o seu *home*, e a data completa.

Editamos o ficheiro crontab do usuario *administrador*. Non hai en */var/spool/cron/crontabs* ningún ficheiro crontab para o administrador e ademais a primeira vez que se executa o comando crontab hai que indicarlle que editor de texto se desexa usar, neste caso úsase *nano*:

```

administrador@server00:~$ crontab -e
no crontab for administrador - using an empty one

Select an editor. To change later, run 'select-editor'.
1. /bin/ed
2. /bin/nano          <---- easiest
3. /usr/bin/vim.basic
4. /usr/bin/vim.tiny

Choose 1-4 [2]:

```

Na tarefa programada introducir:

```

# m h  dom mon dow    command
* * * * *      echo "$LOGNAME, $HOME " `date`>>ficheiro.txt

```

- Notar que non ó ficheiro non se lle puxo a ruta, a ruta que tomará por defecto é o home do usuario. Pois esa tarefa execútase no contorno do usuario administrador. Sería equivalente a escribir `$HOME/ficheiro.txt`.
- En **/var/spool/cron/crontabs/administrador** foi onde se gardou o contido da tarefa programada do usuario administrador:

```
administrador@server00:~$ sudo ls /var/spool/cron/crontabs/ -l
total 8
-rw----- 1 administrador crontab 321 2010-03-21 12:29 administrador
-rw----- 1 root         crontab 230 2010-03-21 12:29 root
```

- Pasados uns minutos:

```
administrador@server00:~$ cat ficheiro.txt
administrador, /home/administrador Sun Feb 21 12:30:27 CET 2010
administrador, /home/administrador Sun Feb 21 12:31:01 CET 2010
administrador, /home/administrador Sun Feb 21 12:32:01 CET 2010
administrador, /home/administrador Sun Feb 21 12:33:01 CET 2010
administrador, /home/administrador Sun Feb 21 12:34:01 CET 2010

administrador@server00:~$ date
Dom Feb 21 12:34:18 CET 2010
```

- Notar como o comando date executado na tarefa programada pon o día en inglés pero a saída de executar o comando póna en galego.
- Configurar a variable de entorno na tarefa programada.

```
administrador@server00:~$ crontab -e
```

Engadir: `LANG=gl_ES.UTF-8`, revisar o comando locale.

```
LANG=gl_ES.UTF-8

# m h  dom mon dow   command
* *      *      *      *      echo "$LOGNAME, $HOME " `date`>>ficheiro.txt
```

- Pasados uns minutos, observar a última liña.

```
administrador@server00:~$ cat ficheiro.txt
```

```
administrador, /home/administrador Sun Feb 21 12:30:27 CET 2010
administrador, /home/administrador Sun Feb 21 12:31:01 CET 2010
administrador, /home/administrador Sun Feb 21 12:32:01 CET 2010
administrador, /home/administrador Sun Feb 21 12:33:01 CET 2010
administrador, /home/administrador Sun Feb 21 12:34:01 CET 2010
administrador, /home/administrador Sun Feb 21 12:35:01 CET 2010
administrador, /home/administrador Dom Feb 21 12:36:01 CET 2010
```

- **A segunda tarefa programada: script**

Trátase de facer o mesmo que no caso anterior, pero que o comando a executar sexa un script:

```
nano diahora.sh
```

- Editar o seu contido

```
#!/bin/bash
echo "$LOGNAME, $HOME " `date`>>ficheiro2.txt
```

- Editar o crontab de administrador e modificar o seu contido:

```
crontab -e
```

- Editar contido:

```
LANG=gl_ES.UTF-8
```

```
# m h dom mon dow command
* * * * * sh diahora.sh # Segunda tarefa
```

- Pasados uns minutos:

```
administrador@server00:~$ cat ficheiro2.txt
administrador, /home/administrador Dom Feb 21 12:55:01 CET 2010
administrador, /home/administrador Dom Feb 21 12:56:01 CET 2010
```

• Terceira tarefa programada

Quérese recibir un correo cada minuto coa mesma información anterior e ademais co contido de /root. Como non hai instalada unha utililidade de mail, vaise redireccionar a saída a un ficheiro mail.txt.

- Crear un script:

```
nano diahora_mail.sh
```

- Contido:

```
#!/bin/bash
echo "$LOGNAME, $HOME " `date`
ls /root
```

- Observar que as saídas dos comandos non se redireccionan a ningures. Ademais o usuario administrador non ten permisos para ver o contido de /root.
- Editar o crontab de administrador e modificar o seu contido:

```
crontab -e
```

- Editar contido:

```
LANG=gl_ES.UTF-8
```

```
# m h dom mon dow command
* * * * * sh diahora_mail.sh >> mail.txt 2>&1 # Terceira tarefa
```

```
# Observar que a saída que resulta de executar o script mándase a mail.txt.
```

- Pasados outros minutos:

```
administrador@server00:~$ cat mail.txt
administrador, /home/administrador Dom Feb 21 13:10:02 CET 2010
ls: non se pode abrir o directorio /root: Permission denied
administrador, /home/administrador Dom Feb 21 13:11:02 CET 2010
ls: non se pode abrir o directorio /root: Permission denied
```

- Observar como amosa a saída dos dous comandos:
 - echo, saída correcta
 - ls /root: saída con errores, porque o usuario non pode acceder a /root.
- O usuario administrador xa tería recibidos 2 correos se non se redireccionara a saída.

Editar tarefas programadas doutros usuarios

Só o pode facer o administrador do sistema (root ou pertencentes a sudoers).

```
administrador@server00:~$ sudo crontab -u xan -e
administrador@server00:~$ sudo ls /var/spool/cron/crontabs/ -l
-rw----- 1 administrador crontab 330 2010-03-21 13:08 administrador
-rw----- 1 root         crontab 230 2010-03-21 12:29 root
-rw----- 1 xan         crontab 243 2010-03-21 13:19 xan
```

Borrar tarefas programadas de usuarios=

```
administrador@server00:~$ sudo crontab -u xan -r
```

Tarefas programadas de sistema

Estas poden ser creadas cun editor calquera, modificando o ficheiro **/etc/crontab** ou creando un ficheiro crontab no directorio **/etc/cron.d/**. Isto último é o aconsellable. Lembrar que hai que especificar o usuario.

Se se desea que se execute un script, este debe residir nun sitio accesible para o usuario que o executa.

Exemplo de entradas en /etc/crontab ou /etc/cron.d/tarefa

```
sudo nano /etc/cron.d/tarefa
```

- O contido

```
# m   h   dom mon dow user          command
*   *   *   *   *   administrador  echo ola>>ficheiro4.txt
30 23  *   *   *   root        /var/local/sbin/backup.sh
@reboot       root        ntpdate es.pool.ntp.org

#POR FIN, xa se pode actualizar a hora do servidor, ó inicialo.
```

Tarefas programadas: webmin

O administrador de tarefas de webmin está n menú **Sistema-->Tareas Planificadas**.

A seguinte imaxe amosa tarefas do sistema e do sistema.

Configuración de Módulo

Tareas de Cron Planificadas

Find Cron jobs matching Search

Seleccionar todo | Invertir selección | Crear una nueva tarea de cron en catálogo | Crear una nueva variable de entorno | Controlar el acceso de usuarios a tareas de cron

| Usuario | ¿Activa? | Comando | Mover |
|--|----------|---|-------|
| | | /etc/cron.daily/man-db /etc/cron.daily/apt /etc/cron.daily/aptitude /etc/cron.daily/standard /etc/cron.daily/samba /etc/cron.daily/apport /etc/cron.daily/popularity-contest /etc/cron.daily/bsdmainutils /etc/cron.daily/apache2 /etc/cron.daily/mlocate /etc/cron.daily/logrotate /etc/cron.daily/dpkg | |
| <input type="checkbox"/> root | Si | | |
| <input type="checkbox"/> root | Si | /etc/cron.weekly/man-db | |
| <input type="checkbox"/> root | Si | /etc/cron.monthly/standard | |
| <input type="checkbox"/> root | Si | /var/local/sbin/backup.sh | |
| <input type="checkbox"/> root | Si | ntpdate es.pool.ntp.org | |
| <input type="checkbox"/> root | Si | [-x /usr/lib/php5/maxlifetime] && [-d /var/lib/php5] && find /var/lib /php5/ ... | |
| <input type="checkbox"/> administrador | Si | echo ola>>ficheiro4.txt | |
| <input type="checkbox"/> administrador | Si | Variable de entorno LANG = gl_ES.UTF-8 | ↓ |
| <input type="checkbox"/> administrador | Si | sh diahora_mail.sh >> mail.txt 2>&1 | ↑ |

Seleccionar todo | Invertir selección | Crear una nueva tarea de cron en catálogo | Crear una nueva variable de entorno | Controlar el acceso de usuarios a tareas de cron

Delete Selected Jobs | Disable Selected Jobs | Enable Selected Jobs

Premendo nas tarefas pódese acceder ó seu contido e planificación:

Indice de Módulo

Editar Tarea de Cron

Detalles de Tarea

Ejecutar tarea de cron como ...

¿Activa? Si No

Comando sh diahora_mail.sh >> mail.txt 2>&1

Entrada del comando

Descripción Tercera tarea

Cuándo ejecutar

Planificación simple .. Horariamente Horas y fechas seleccionadas abajo ..

| Minutos | Horas | Días | Meses | Días de Semana |
|---|---|---|--|---|
| <input checked="" type="radio"/> Todos <input type="radio"/> Seleccionado... | <input checked="" type="radio"/> Todos <input type="radio"/> Seleccionado... |
| 0 ~ 12 ~ 24 ~ 36 ~ 48 ~ | 0 ~ 12 ~ | 1 ~ 13 ~ 15 ~ 17 ~ 19 ~ 20 ~ 22 ~ 24 ~ | 1 ~ 2 ~ 3 ~ 4 ~ 5 ~ 6 ~ 7 ~ 8 ~ 9 ~ 10 ~ 11 ~ 12 ~ 13 ~ 14 ~ 15 ~ 16 ~ 17 ~ 18 ~ 19 ~ 20 ~ 21 ~ 22 ~ 23 ~ 24 ~ | Enero Febrero Marzo Abril Mayo Junio Julio Agosto Setiembre Octubre Noviembre Diciembre |
| 1 13 25 37 49 | 1 13 25 37 49 | 1 13 25 37 49 | 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 | Domingo Lunes Martes Miércoles Jueves Viernes Sábado |
| 2 14 26 38 50 | 2 14 26 38 50 | 2 14 26 38 50 | | |
| 3 15 27 39 51 | 3 15 27 39 51 | 3 15 27 39 51 | | |
| 4 16 28 40 52 | 4 16 28 40 52 | 4 16 28 40 52 | | |
| 5 17 29 41 53 | 5 17 29 41 53 | 5 17 29 41 53 | | |
| 6 18 30 42 54 | 6 18 30 42 54 | 6 18 30 42 54 | | |
| 7 19 31 43 55 | 7 19 31 43 55 | 7 19 31 43 55 | | |
| 8 20 32 44 56 | 8 20 32 44 56 | 8 20 32 44 56 | | |
| 9 21 33 45 57 | 9 21 33 45 57 | 9 21 33 45 57 | | |
| 10 22 34 46 58 | 10 22 34 46 58 | 10 22 34 46 58 | | |
| 11 ~ 23 ~ 35 ~ 47 ~ 59 ~ | 11 ~ 23 ~ 35 ~ 47 ~ 59 ~ | 11 ~ 23 ~ 35 ~ 47 ~ 59 ~ | 11 ~ 23 ~ 35 ~ 47 ~ 59 ~ | 11 ~ 23 ~ 35 ~ 47 ~ 59 ~ |

Nota: Ctrl-click (ó comando-click en Mac) para seleccionar y deseleccionar minutos, horas, días y meses.

Rango de fechas en las que ejecutar

Ejecutar en cualquier fecha
 Sólo ejecutar desde / Ene / / ... a / Ene / / ...

Salvar | Ejecutar Ahora | Clone Job | Borrar

As tarefas que se crean en webmin almacénase en crontabs en /var/spool/cron/crontabs/<usuario>, áinda que o usuario sexa o root.

-- Antonio de Andrés Lema e Carlos Carrión Álvarez -- (28 feb 2010).

Referencias

- [1] http://es.wikipedia.org/wiki/Cementerio_monumental_de_Staglieno
- [2] [http://es.wikipedia.org/wiki/Cron_\(Unix\)](http://es.wikipedia.org/wiki/Cron_(Unix))
- [3] <http://es.wikipedia.org/wiki/Chronos>
- [4] <http://packages.ubuntu.com/es/intrepid/admin/anacron>
- [5] http://www.linuxconfig.org/Linux_Cron_Guide
- [6] <http://wiki.ballano.net/index.php/Crontab>

Copias de seguridade: tar e rsync



Nesta sección estudaranse tipos de copias de seguridade (**total**, **diferencial** ou **incremental**), métodos para realizar un plan de copias de seguridade (**Avó, pai e fillo** ou as **torres de hanoi**), utilidades para realizar copia de datos (**tar** ou **rsync**) e presentarase un script para implantar con **tar** un sistema de backup baseado na estratexia de **Avó, pai e fillo** (GFS, Grandfather, father and son).



LEMBRAR EN UBUNTU DESKTOP

 Antes de comenzar con esta sección é aconsellable que o usuario estea familiarizado con copiar a CDs, imaxes iso, arquivos empaquetados ou comprimidos, etc.

- Copias de seguridade: datos, música, ficheiros comprimidos e backups do curso Curso Platega 08-09: Sistema operativo GNU-LINUX: UBUNTU 8.10.

Introdución

- De todos é sabido a importancia que ten que se realicen copias de seguridade ^[1] coa maior frecuencia posible para poder recuperarse ante posibles desastres ou perdidas de información.
- Aínda que existen moitas ferramentas para realizar copias de seguridade, moitas delas facendo uso de bases de datos para levar rexistro das copias realizadas e do que contén cada copia, aquí vanse usar dúas utilidades moi sinxelas, á par que potentes:
 - **tar** ^[2]: para empaquetar arquivos e comprimilos.
 - **rsync** ^[3]: para transmitir eficientemente arquivos con crecemento incremental.

Ademais para cubrir á maior parte de usuarios, as copias realizaranse a disco e non a cintas, lugar, este último, recomendable no que gardar as copias destinadas a perdurar no tempo.

Métodos de copia de seguridade

Segundo os arquivos que se copien para o backup, distínguense:

- **Copia completa ou total:** cópianse tódolos arquivos.
- **Copia diferencial:** só se copian os arquivos que se modificaron dende a última copia total. Na última copia diferencial sempre se copian os arquivos que se copiaron nas anteriores copias diferenciais.
- **Copia incremental:** só se copian os arquivos que se modificaron con respecto á última copia, sexa esta total, diferencial ou incremental.

O ideal sería ter unha copia completa tódolos días, pero iso consume moito espazo e tempo para crear o backup, en cambio para restaurar, ante unha continxencia, sería o método máis rápido, só habería que restaurar o último día que se fixo a copia completa.

- Unha estratexia de copias de seguridade pode combinar os tres métodos anteriores: por exemplo:
 - Total+diferenciais: Luns total, de martes a venres diferenciais.
 - Total+incrementais: Luns total, de martes a venres incrementais.
- Vantaxes e inconvenientes das combinacións anteriores, supoñendo que o xoves houbo unha catástrofe.:
 - Total+diferenciais: cada diferencial consume cada vez máis tempo e espazo, pola contra para recuperar o sistema só habería que recuperar a copia total do luns e a diferencial do mércores.
 - Total+incrementais: cada incremental ten só os arquivos que se modificaron con respecto á anterior copia, sexa esta total ou incremental, pola contra para recuperar o sistema levaría máis tempo, habería que recuperar a copia total do luns, a incremental do martes e finalmente a incremental do mércores.

Estratexias de copias de seguridade

A continuación explicaranse estratexias que combinan os métodos anteriores, non se ten en conta o fin de semana. Os cambios para contemplar o fin de semana son moi intuitivos.

Simple

Unha copia total pola noite cada día hábil da semana. Cada copia dunha semana machaca a da anterior. A copia do luns desta semana machacará a copia do luns da sema anterior:

| Lun | Mar | Mér | Xov | Ven | Sáb | Dom |
|-------|-----|-----|-----|-----|-----|-----|
| copia | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | - |

Cada día habería que sacar da oficina a copia do día anterior e traer a dese día.

- **Os pros:** moi sinxela

- **Os contras:** o backup histórico é moi corto.

Pai – Fillo (FS: Father - Son)

Unha copia incremental ou diferencial (mellor esta última) pola noite de luns a xoves e unha total ós venres. As copias de luns a xoves machácanse coas da semana seguinte e a do venres machácase cada 15 días.

| | Lun | Mar | Mér | Xov | Ven | Sáb | Dom |
|-------------|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|
| copia sem-1 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | – | – |
| copia sem-2 | 1 | 2 | 3 | 4 | 6 | – | – |

- Número de copias/cintas/ficheiros ó mes: 6
 - **Fillos:** diferenciais ou incrementais: copias 1, 2, 3 e 4
 - **Pai:** completas ou totais: copias 5 e 6
- **Os pros:** sinxela, xa se ten un histórico de 15 días atrás.
- **Os contras:** o backup histórico só é de 15 días.

Esta estratexia, poderíase mellorar cunha copias completa por mes.

| | Lun | Mar | Mér | Xov | Ven | Sáb | Dom |
|-------------|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|
| copia sem-1 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | – | – |
| copia sem-2 | 1 | 2 | 3 | 4 | 6-m | – | – |

- Copia m: sería unha copia completa cada último venres de cada mes. Quantas copias mensuais?, depende do histórico que se deseñe ter. Con tres cintas para o mes (9 en total) so se tería o histórico de 3 meses e medio.

Avó – Pai – Fillo (GFS: Grandfather - Father -Son)

Unha copia incremental ou diferencial (mellor esta última) pola noite de luns a xoves, unha total por semana, ós venres e unha total mensual o último venres de cada mes.

| | Lun | Mar | Mér | Xov | Ven | Sáb | Dom |
|-------------|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|
| copia sem-1 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | – | – |
| copia sem-2 | 1 | 2 | 3 | 4 | 6 | – | – |
| copia sem-3 | 1 | 2 | 3 | 4 | 7 | – | – |
| copia sem-4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 8-m | – | – |

- Número de copias/cintas/ficheiros ó mes: 9
 - **Filhos:** diferenciais ou incrementais diárias: copias 1, 2, 3 e 4
 - **Pai:** completas ou totais semaís: copias 5, 6, 7 e 8 se hai quinto venres no mes.
 - **Avó:** completas ou totais mensual: copias m (último venres de cada mes).
- **Os pros:** Aumenta a redundancia, agora tense un mes de historia, e teranse tantos meses como copias m distintas se desexen realizar, o ideal 12 copias m.
- **Os contras:** ó haber máis copias o esquema comeza a complicarse.
- Hai outra variación desta estratexia, que consiste en facer a copia mensual o último día hábil de cada mes:

| | Lun | Mar | Mér | Xov | Ven | Sáb | Dom |
|-------------|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|
| copia sem-1 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | – | – |
| copia sem-2 | 1 | 2 | 3 | 4 | 6 | – | – |
| copia sem-3 | 1 | 2 | 3 | 4 | 7 | – | – |
| copia sem-4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 8 | – | – |
| copia sem-5 | 1 | m | 3 | 4 | 5 | – | – |

O ideal, en calquera dos casos é ter 12 copias m, e estas gardalas fóra da oficina.

Torres de Hanói

Baséase no xogo matemático das torres de Hanói [4]

- As Torres de Hanoi é unha estratexia de backup cun método de rotación máis complexo. Esencialmente é un método recursivo. É unha forma 'intelixente' de arquivar un número efectivo de backups totais ou completos, así como de dispor de históricos, pero é máis complexo de entender.
- Un conxunto de n cintas ou discos permite realizar 2^{n-1} días de backup antes de comezar un novo ciclo de backups. Así con 3 cintas cóbrense 4 días de backup, con 4 cintas 8 días de backup, con 5 cintas 16 días, con 6 32 días, con 7 cintas 64 días,

Basicamente, cada cinta/disco está asociada cun disco do puzzle, e cada movemento do disco a un pau diferente corresponde a un backup para a cinta/disco. Así, a primeira cinta úsase cada 2 días todos os días (1, 3, 5, 7, 9,...), a segunda cinta úsase cada 4 días (2, 6, 10,...), a cinta cada oitavo día (4, 12, 20,...).

As táboas seguintes amosan que cintas son usadas e en que días dentro de cada ciclo. Fixarse como a primeira cinta é sobre escrita cada 2 días. O ideal é comezar coa última cinta do ciclo, a marcada en vermello.

Torres de Hanói: 3 cintas

| | | Día do ciclo | | | | | | | |
|--------|---|--------------|----|----|----|----|----|----|----|
| | | 01 | 02 | 03 | 04 | 05 | 06 | 07 | 08 |
| Cintas | A | | A | | A | | A | | |
| | B | | | | | B | | | |
| | | | C | | | | | C | |

Torres de Hanói: 4 cintas

| | | Día do ciclo | | | | | | | | | | | | | | | |
|--------|---|--------------|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|
| | | 01 | 02 | 03 | 04 | 05 | 06 | 07 | 08 | 09 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 |
| Cintas | A | | A | | A | | A | | A | | A | | A | | A | | |
| | B | | | | B | | | | B | | | | B | | | | |
| | | | C | | | | | | | | C | | | | | | |
| | | | | | | D | | | | | | | | D | | | |

Torres de Hanói: 5 cintas

| | Día do ciclo | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|-----|--------------|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|
| | 01 | 02 | 03 | 04 | 05 | 06 | 07 | 08 | 09 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | 32 |
| Día | A | A | A | A | A | A | A | A | A | A | A | A | A | A | A | A | A | A | A | A | A | A | A | A | A | A | A | A | A | A | | |
| | B | | | B | | B | | B | | B | | B | | B | | B | | B | | B | | B | | B | | B | | B | | B | | |
| | | C | | | | | | | C | | | | | | | | C | | | | | | | C | | | | | | | | |
| | | | | | D | | | | | | | | | | | | | | | | | | D | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | | | | E | | | | | | | | | | | | | | | | E | |

Torres de Hanói: 5 cintas dispostas en formato mes


| | Lun | Mar | Mér | Xov | Ven | Sáb | Dom |
|-------------|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|
| copia sem-1 | | A | B | A | C | A | - |
| copia sem-2 | | B | A | D | A | B | - |
| copia sem-3 | | A | C | A | B | A | - |
| copia sem-4 | | E | A | B | A | C | - |
| copia sem-5 | | A | B | A | D | A | - |

- **Os pros:** Con moi poucas cintas pódese conseguir un histórico moi considerable.
- **Os contras:** a parte de que a cinta A, acabará esgotándose máis pronto que as demais, fai falla dicir os contras?, pois iso, hai que ter todo moi ben etiquetadiño, un calendario moi ben revisado, e ser moi sistemáticos e pulcroxs na operativa desta estratexia.

Tar

Tar (Tape Archiver)^[5] é unha utilidade que basicamente serve para empaquetar varios arquivos nun só arquivo contedor, opcionalmente pódense comprimir.

A seguinte imaxe amosa unha síntese do proceso de empaquetado (tar) e compresión (neste caso gzip).



O comando tar non debe ser usado cando hai arquivos abertos ou en uso por programas.

Tipos de compresión

A parte de empaquetar varios arquivos nun só arquivo contedor, este arquivo resultante pode ser comprimido para aforrar espazo: para iso existen varios algoritmos libres, canda un coas súas vantaxes e inconvenientes: cando comprime pouco é moi rápido, pola contra cando comprime moito é moi lento e consume moita cpu e memoria.

Nesta páxina wiki ^[6] explícase o funcionamento de varios compresores libres.

Nesta outra faise unha comparativa ^[7] entre factor de compresión e tempo consumido dos algoritmos: gzip ^[8] (.gz), bzip ^[9] (.bz2) e LZMA ^[10] (.lzma). Este último é o que usa o programa 7-Zip ^[11].

Na páxina do comando tar ^[12] indícanse que algoritmos de compresión son soportados por esta utilidade.

- A diferenza básica entre os tres formatos enriba mencionados é a seguinte:
 - **.gz:** usa gzip, menor compresión alta velocidade, ficheiro resultante máis grande.
 - **.bz2:** usa bzip2, boa compresión, velocidad moderada, ficheiro resultante tamaño moderado.
 - **.lzma:** usa lzma, alta compresión, baixa velocidad, o ficheiro resultante é o más pequeno.

Formato do comando tar

O formato do comando é como segue:

```
tar <opcións> <arquivoSaída> <arquivo1> <arquivo2> ... <arquivoN>
```

opcións más usadas:

```
#-c: para crear un arquivo contedor
#-f: para especificar o nome do arquivo contedor
#-v: amosa información do que está a facer
#-x: descomprime/extrae información
#-t: lista o contido dun arquivo
#-z: comprime/descomprime con gzip
#-j: comprime/descomprime con bzip2
#-lzma: comprime/descomprime con lzma
#-a: selecciona o algoritmo de compresión pola extensión do arquivo.
```

Exemplos:

Para realizar os seguintes exemplos iniciouse sesión en cliente00 co usuario xan.

```
#Crear un empaquetado amosando o que fai
xan@cliente00:~$ tar cvf empaquetadol.tar dir1 dir2
dir1/
dir1/f1.txt
dir1/f2.txt
dir1/f3.txt
dir2/
dir2/a1.txt
dir2/a2.txt
```

```
#Listar o contido dun empaquetado
xan@cliente00:~$ tar tf empaquetadol.tar dir1 dir2
dir1/
dir1/f1.txt
```

```

dir1/f2.txt
dir1/f3.txt
dir2/
dir2/a1.txt
dir2/a2.txt

# Crear un tar e logo comprimilo usando gzip
xan@cliente00:~$ tar czf empaquetado2.tar.gz dir1 dir2

# Crear un tar e comprimilo autodetectando o formato pola extensión
xan@cliente00:~$ tar cfa empaquetado3.tar.lzma dir1 dir2

#Canto ocupa cada paquete?
xan@cliente00:~$ ls empaquetado* -lh
-rw-r--r-- 1 xan profes 20K 2010-03-22 09:53 empaquetado1.tar
-rw-r--r-- 1 xan profes 2,5K 2010-03-22 09:54 empaquetado2.tar.gz
-rw-r--r-- 1 xan profes 2,1K 2010-03-22 09:54 empaquetado3.tar.lzma

xan@cliente00:~$ rm dir1 -r
xan@cliente00:~$ rm dir2 -r
#Recuperar dir1 e dir2. As dúas sentencias seguintes son equivalentes.
xan@cliente00:~$ tar xfa empaquetado3.tar.lzma
xan@cliente00:~$ tar xf empaquetado3.tar.lzma

xan@cliente00:~$ rm dir1 -r

#Recuperar só dir1
xan@cliente00:~$ tar xf empaquetado3.tar.lzma dir1

```

Backups incrementais e diferencias con tar

Con tar tamén se poden realizar copias incrementais, e cun chisco de operacións más: copias diferenciais.

Para iso usarase o parámetro: **--listed-incremental=ficheiro.snap** ou **-g**. O ficheiro *.snap é un arquivo que contén matadatos sobre os arquivos que están no empaquetado. Este ficheiro chámase **snapshot**, o seu obxectivo é axudar a determinar que ficheiros cambiaron, se engadiron ou borraron dende o último backup (sexa este total ou incremental).

O seu formato é:

```
tar cf <arquivoSaída> -g snapshot_file.snap <arquivol> <arquivo2> ...
```

